

ANUNCIO: PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL

Unha vez rematado o prazo de alegacións ás cualificacións do segundo exercicio da fase de oposición (exame práctico) do proceso selectivo para cobertura en propiedade dunha praza de persoal laboral fixo, do posto de Traballador/a Social, e visto que non se presentaron alegacións, a listaxe de cualificacións provisionais queda elevada a definitiva.

Verificado por parte do Tribunal que todos/as os/as aspirantes acreditaron estar en posesión do título de Celga 4 ou equivalente necesario para exención do segundo exercicio da fase de oposición (proba de galego) de conformidade ao establecido pola base 6ª das reguladoras, dáselles por superada esta proba coa cualificación de "apto".

O Tribunal acorda convocar aos/as aspirantes o vindeiro día **18 de setembro de 2023, ás 13:00 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial** para proceder á apertura pública de sobres e identificación dos/as aspirantes do segundo exercicio.

Conforme ao establecido nas base 6.2 das reguladoras, os/as aspirantes declarados APTOS na fase de oposición contarán cun prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte deste anuncio, para achegar toda a documentación acreditativa referenciada no autobaremo de méritos aportado xunto coa súa instancia.

E para que así conste, asíñase dixitalmente o presente anuncio ordenando a súa publicación no taboleiro de edictos e complementariamente na web municipal.

Asina dixitalmente: José María Vázquez Pita (Secretario do Tribunal)